

## Pezas de hasta do Museo de San Paio de Narla (II)

---

M.ª del Rosario Fernández González

**Resumo:** nesta segunda parte do traballo abordaremos o resto da colección de pezas, feitas en corno, que se atopan no Museo Fortaleza de San Paio de Narla: tinteiros, salvadeiras e culleres.

**Resumen:** En esta segunda parte del trabajo abordaremos el resto de la colección de piezas, realizadas en cuerno, que se encuentran en el Museo Fortaleza de San Payo de Narla: tinteros, salvaderas y cucharas.

**Summary:** In this second part of the deal the rest of the collection of pieces in horn found in the Fortress of San Paio Museum of Narla (Friol, Lugo): inkwells, sanbboxes and spoons.

### Tinteiros e salvadeiras

O uso da tinta para escribir parece tan antigo que algúns estudosos sitúano na época de Moisés, citando o *Libro dos Números que dí*: “o sacerdote borrará coas augas amargas as maldicións escritas no libro”. De época romana temos numerosas testemuñas do emprego da tinta, chamada *atramentum*, que se usaba mediante a pluma ou calamus, sobre un papiro. Estes tres elementos, *calamus*, papiro e *atramentum*, gardábanse nun estoxo nomeado *capsa*.



Fig.1 Capsa romana



Fig. 2 Gallas de carballo

O *calamus* era un estilo de madeira de rosál cortado como as plumas de ave, que se mollaba nunha tinta negra, que según dí Dioscórides compoñíase de tres partes de negro de fume e unha de goma disolta en auga. Tamén Plinio aborda a cuestión da preparación da tinta achegando que todas as substancias empregadas na escritura debían expoñerse ao sol durante un tempo unha vez preparadas xa que así as tintas diminuían a súa fluidez e tamén engadía que conviña impregnalas de viño de axenxos para evitalos ataques da couza.

Na Idade Media se usaron basicamente dous tipos de tinta: unha moi similar á usada en Roma e Oriente, composta por carbón de leña e goma, e a tinta ferrogálica, obtida de gallas de carballo, que se empezou a usar a partir do s. III d. C. e se sabe que foi empregada séculos mais tarde por Leonardo da Vinci, Johann Sebastian Bach, Rembrandt van Rijn ou Vincent van Gogh.

Estas gallas móianse, mantíñanse a remollo e logo quentábanse ao sol. Despois eran mesturadas con sulfato de ferro e goma á ga (savia da acacia) como espesante.

No século XIX comezan a usarse tintas químicas que debían reunir unha serie de características: ter unha cor negra intensa, máis azulada que parda, que a súa cor resistira, que se fixara ben no papel sen penetrar nel demasiado, xa que traspasaría á outra cara, que secara rapidamente, que non se enbalorecera e que se deslizará con facilidade ao saír da pruma.

Para escribir, antes das **prumas** metálicas, usábanse as de ave, que se podían cortar coma os cálamos. As máis preciadas eran as remeiras da á dereita, sendo as preferidas as de cisne ou ganso, aínda que tamén se usaban doutras aves coma o corvo.

Polo que respecta aos **tinteiros**, estes foron ata fins do século XVIII meros instrumentos de traballo para escribáns e copistas. Por ese motivo prevaleceu neles a practicidade sobre a estética, podendo atopar en representacións da Antigüidade e a Idade

Media sinxelos vasos de vidro, bronce, prata ou corno para conter a tinta, completamente ausentes de calquer ornamento.

Xa no século XIX esténdese o uso da escritura a toda a sociedade, afastándose da especialización de profesionais e con el o tinteiro pasa a estar presente nos fogares e a

recibir tratamento decorativo coma o resto dos utensilios domésticos coma lámpadas, reloxos, ou vaixelas.

A **salvadeira** era o complemento do tinteiro. Debe o seu nome ao salvado que nun principio usouse coma pó secante para verter sobre a tinta recente. Cando esta estaba seca, soprábase o po impregnado na tinta. Ademais do salvado tamén se usaron como secantes areíña de pedra pómez e madeira deglutida. Fixéronse exemplares de estaño, madeira, chumbo, barro, louza ou corno e todos compartían a mesma forma: un vaso con buratiños na parte superior polos que se aplicaba o secante para enxugalo escrito recentemente. Os recipientes de asta para conter tinta, que a continuación presentamos, son de dous tipos:

1) **Tinteiros de viaxe**, chamados popularmente “de notario” usados por “leguleyos, notarios, tinteiriños e poetas”. Estas son pezas do século XVIII empregadas como instrumento portátil, compostas por tres partes: a inferior é a salvadeira, a do medio levaba a tinta e a última usábase para gardar a pluma.

2) **Tinteiros de barril**. O seu nome provén da forma da peza, que recorda a ese obxecto. Son exemplares posteriores, podéndose datar xa no século XIX. Dentro levaban un recipiente tubular de vidro que contiña a tinta e que nestas dúas pezas non se conserva.

## Culleres

Dentro do conxunto das posesións dos pastores trashumantes, composto habitualmente por alforxas de pelexo, cornas para beber, afiar a pedra ou conter a miera ou aceite de xenebreiro para curar a roña do gando, unha navalla ou un coitelo de monte, as culleres tiñan un papel destacado dentro das súas pertenzas. Levábanse xuntas as de todos os pastores dentro do culleiral, que era unha bolsa de pel de cabrito e o zagal repartíaas cando chegaba o momento de comer:

“... A la mañana con la aurora todo el mundo está alerta: los corsarios (xentes que viven da caza) y escopetas, de pie y en rueda, hunden en un enorme caldero, después de haberse santiguado, su cuchara de cuerno, sacan de ella una cucharada de migas, la hacen pasar á la mano y de ésta á la boca...”. Larra

O termo culler provén do latín *cochleàre*. É un instrumento composto por unha paña cóncava e un mango usada para tomar líquidos ou alimentos brandos. Ao longo da historia fixéronse culleres de ferro, prata, estaño, bronce, ouro, madeira (buxo, enebro, brezo), coral ou corna.

Ás veces levan decoración, concentrada no mango, que acostuma a ser de motivos xeométricos, vexetais, florais ou humanos. Esta decoración faise “a punta de navalla” e frótase con feluxe para que destaquen as representacións. Os exemplares mais delicados foron as culleres usadas coma agasallo do noivo á noiva, consistentes en pezas cunha pa ampla e cun mango curto profusamente decorado, a maioría das veces, con motivos alusivos á voda.

## A Colección



**N.º Inventario:** 359  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro de viaxe  
**Materia:** corno  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 15 cm; diámetro base = 3,2 cm.  
**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descrición:** tinteiro composto por tres pezas encaixadas entre si mediante unha rosca. A superior, de forma cónica, serve para levar a pruma, a intermedia a tinta e a inferior consiste nunha salvadeira cos pos secantes.



**N.º Inventario:** 363  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro de viaxe  
**Materia:** corno  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 17,3 cm; diámetro base = 4 cm.  
**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descrición:** tinteiro composto por tres pezas encaixadas entre si mediante unha rosca. A superior, de forma cónica, serve para levar a pruma, na intermedia a tinta, e a inferior leva una salvadeira cos pos secantes.



**N.º Inventario:** 367  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro de viaxe  
**Materia:** corno  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 26,8 cm; diámetro base = 4,5 cm.  
**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descrición:** tinteiro composto por tres pezas encaixadas entre si mediante unha rosca. A superior, de forma cónica, serve para levar a pruma, na intermedia a tinta, e a inferior leva una salvadeira cos pos secantes. O corpo intermedio leva unha decoración de liña de puntos en zigzag.



**N.º Inventario:** 365  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro de viaxe  
**Materia:** corno  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 20 cm; diámetro base = 4,5 cm.  
**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descrición:** tinteiro composto por tres pezas encaixadas entre si mediante unha rosca. A superior, de forma cónica, serve para levar a pruma, na intermedia a tinta, e a inferior leva una salvadeira cos pos secantes. O corpo intermedio leva unha decoración de liña de puntos en zigzag.





**N.º Inventario:** 366  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro de viaxe  
**Materia:** corno  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 23 cm; diámetro base = 5 cm.

**Cronoloxía:** S.XVIII

**Descrición:** tinteiro composto por tres pezas encaixadas entre si mediante unha rosca. A superior, de forma cónica, serve para levar a pruma, na intermedia a tinta e a inferior leva una salvadeira cos pos secantes.



**N.º Inventario:** 351  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro  
**Materia:** corno de bóvido  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 10,5 cm; diámetro base = 5,8 cm.

**Cronoloxía:** S.XIX

**Descrición:** tinteiro portátil “de tipo barril”. Está composto por dúas pezas encaixadas entre elas a presión. No interior levaba un porta tintas alongado de vidro, hoxe desaparecido.



**N.º Inventario:** 350  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** tinteiro  
**Materia:** corno de bóvido  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 11 cm; diámetro base = 6,2 cm.

**Cronoloxía:** S.XIX

**Descrición:** tinteiro portátil “de tipo barril”. Está composto por dúas pezas encaixadas entre elas a presión. No interior levaba un porta tintas alongado de vidro, hoxe desaparecido.



**N.º Inventario:** 355  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** salvadeira  
**Materia:** corno de bóvido  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 4,7 cm; diámetro base = 5,6 cm.

**Procedencia:** El Arenal (Ávila)

**Cronoloxía:** S.XIX

**Descrición:** recipiente de forma troncocónica composto por dúas partes unidas mediante rosca. O corpo superior ten tres círculos concéntricos nos que se insiren perforacións radiais das que saen os pos secantes.



**N.º Inventario:** 356  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / Escritorio  
**Obxecto:** salvadeira  
**Materia:** corno de bóvido  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 5,3 cm; diámetro base = 2,3 cm.  
**Procedencia:** El Arenal (Ávila)  
**Cronoloxía:** S.XIX  
**Descrición:** recipiente de forma troncocónica composto por dúas partes unidas mediante rosca. O corpo superior ten tres círculos concéntricos nos que se insiren perforacións radiais das que saen os pos secantes.



**N.º Inventario:** 842  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril / escritorio  
**Obxecto:** salvadeira  
**Materia:** corno de bóvido  
**Técnica:** tallado e puído  
**Medidas:** lonxitude = 3,6 cm; diámetro base = 4,8 cm.  
**Procedencia:** El Arenal (Ávila)  
**Cronoloxía:** S.XIX  
**Descrición:** recipiente de forma troncocónica composto por dúas partes unidas mediante rosca. O corpo superior ten tres círculos concéntricos nos que se insiren perforacións radiais das que saen os pos secantes.



**N.º Inventario:** 341  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril /  
**Obxecto:** culler con garfo  
**Materia:** corno de touro e metal  
**Técnica:** feito a man  
**Medidas:** lonxitude = 2,5 x 22 cm.  
**Procedencia:** Teruel  
**Cronoloxía:** S.XIX  
**Descrición:** culler con garfo de tres dentes unidos por unha charnela de metal amarelo decorada con motivos vexetais.



**N.º Inventario:** 340  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril/  
**Obxecto:** culler con garfo  
**Materia:** corno de touro e óso  
**Técnica:** feito a man  
**Medidas:** lonxitude = 2 x 22,3 cm.  
**Procedencia:** Buenamadre (Salamanca)  
**Cronoloxía:** S.XIX  
**Descrición:** culler con garfo de tres dentes. O mango está cuberto por cachas de óso con decoración de liñas e palmetas.





**N.º Inventario:** 339  
**Clasificación xenérica:** gandeiría / Arte pastoril /  
**Obxecto:** culler con garfo e mondadentes  
**Materia:** corno de bóvido e óso  
**Técnica:** feito a man  
**Medidas:** lonxitude = 2 x 23,5 cm.  
**Procedencia:** Buenamadre (Salamanca)  
**Cronoloxía:** S.XIX

**Descrición:** culler de asta de touro con garfo e escarvadentes de óso. O mango está forrado con cachas tamén de óso decoradas con liñas e palmetas.



## Bibliografía

- BELLIDO BLANCO, Antonio. “Arte pastoril” en Soria. *Revista de Folklore*. n.º 281. Caja España. Fundación Joaquín Díaz. 2004.
- CASTÁN ESTEBAN, José Luis. *Bajarse al reino: trashumantes turolenses en Valencia durante la época moderna*. Teruel 1998. ISBN: 0210-3524
- CARO BAROJA, J. *Catálogo de la colección de cuernas talladas y grabadas, Trabajos y Materiales del Museo del Pueblo Español*. Madrid.1950
- DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO HISPANOAMERICANO. Tomo V. Barcelona. Montaner y Simón. 1890.
- DE LARRA, Mariano José. Fígaro, Colección de artículos dramáticos, literarios, políticos y de costumbres, publicados en los años 1832, 1833, 1834 y 1835 en el Pobre-cito Hablador, *La Revista Española, el Observador y la Revista Mensajero*, por Mariano José de Larra. 2.ª Edición. Madrid. 1837
- ENSERES: *Catálogo da Exposición 2002-2003*. [s /l] Xunta de Castela e León, 2002. ISBN: 84-932110-3-6
- ESCORTELL PONSODA, Matilde. *Catálogo de la Colección Etnográfica del Museo Arqueológico de Oviedo*. Oviedo. 1984. ISBN: 84-505-0730-8;
- ESTORNÉS LARA, Bernardo. *Estética vasca: paisaje, arte, belleza*. Bos Aires, 1952
- GUERRERO MELGUIZO, Ana y López, Américo. *Traje de pastor extremeño*. Museo do traxe. 2008
- MANRIQUE DE LARA. *El arte popular pastoril. Las colodras pastoriles*. ABC. 22/11/1959.